

PEQUEFILMES 2019

FESTIVAL INFANTIL DE CURTAS

CONVOCATORIA PARA A SECCIÓN A COMPETICIÓN INTERNACIONAL DE CURTAMETRAXES

BASES

- I. **DATAS:** PEQUEFILMES 2019 terá lugar no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Santiago de Compostela entre o 26 e o 27 de xaneiro de 2019.
- II. **XÉNERO, ESTILO E IDIOMAS:** Aceptaranse obras de todos os xéneros e estilos, producidas en calquera país do mundo. As copias para a preselección con diálogos en idiomas distintos do galego e do español deberán incluír subtítulos nestes idiomas ou, no seu defecto, en inglés.
- III. **CATEGORÍAS:** Establécense as seguintes Categorías Competitivas:
 - a. Competición internacional de curtametraxes dirixidas a público de 3 a 6 anos (Categoría "Miñocas")
 - b. Competición internacional de curtametraxes dirixidas a público de 7 a 12 anos (Categoría "Fanecas")
- IV. **DATA DE CREACIÓN:** Só serán aceptados a competición traballos realizados a partir do 1 de xaneiro de 2017.
- V. **DURACIÓN:** Os traballos deben ser curtametraxes dunha duración máxima de 30 minutos.
- VI. **TEMA:** O tema é libre. Admitiranse obras de todos os estilos e técnicas sempre que sexan recomendadas para as idades indicadas de cada categoría (de 3 a 6 ou de 7 a 12 anos). Os participantes poderán inscribir cantas obras desexen.
- VII. **FORMATO:** Os formatos de proxección do festival para a Competición Internacional son .mov H264 ou Apple Pro Res 442. As copias das películas, para a súa proxección no festival, deberán mandarse no formato de maior calidade dispoñible. Preferentemente en HD de 1920 x 1080 píxeles, a ser posible en formato progresivo (nob entrelazado).
- VIII. **SUBTÍTULOS:**
 - a. As copias para a preselección con diálogos en idiomas distintos ao galego e ao español deberán levar integrados subtítulos nalgún destes idiomas, ou no seu defecto en inglés.
 - b. As obras seleccionadas con diálogos en idiomas distintos do galego e do español, no caso de non dispoñer de subtítulos nalgún destes idiomas, deberán ser copias limpas (sen subtítulos incrustados) e obligatoriamente deberá enviarse aparte un listado de diálogos en inglés nun arquivo .srt cos códigos de tempo incluídos.

- IX. **INSCRICIÓN:** Para a consideración das obras todos os participantes deberán enviar un enlace de visionado da obra con contrasinal (se fose necesaria) a:

pequefilmes@gmail.com

Acompañando a cada obra deberán ir:

- Datos de contacto
- Ficha artística e técnica
- Sinopse

- X. **PRAZO:** O prazo de inscrición das obras finaliza o 28 de decembro de 2018. Comunicarase a todos os seleccionados/as a súa participación antes da primeira semana de xaneiro de 2019. Os resultados acerca das obras gañadoras serán comunicados ao final do festival.

- XI. **COPIAS:** As copias de proxección das películas deberán estar en poder da organización antes do 10 de xaneiro de 2019 e serán enviadas a través de un sistema de descarga online á dirección do festival.

- XII. **PREMIOS:** Os premios que se outorgarán para as categorías competitivas son:

- a. Premio do Público á mellor curtametraxe Miñocas – 1.000 €
- b. Premio do Público á mellor curtametraxe Fanecas – 1.000 €

Os premios estarán suxeitos ás retencións obligatorias e habituais.

- XIII. A organización non aboará taxas de proxección ás obras seleccionadas en calquera das categorías competitivas do festival.

- XIV. A selección dunha curtametraxe dentro do festival outorga permiso á organización para que partes da súa obra sexan utilizadas de forma gratuíta para a promoción do festival nas súas distintas canles de difusión. O Festival resérvase a posibilidade de organizar algunha proxección adicional con motivos promocionais ao longo do ano.

- XV. Co el envío da solicitude de participación, a persoa interesada expresa o seu consentimento e aceptación das presentes bases.

PequeFilmes 2019.
Festival Infantil de Curtas